



2011

**INFORME SOBRE A SUBREPRESENTACIÓN
DA MULLER TRABALLADORA NOS
SECTORES E OCUPACIÓNS DO MERCADO
LABORAL GALEGO**

XUNTA DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

COORDINACIÓN:

Marisa Mallo Fernández
M^a José Cortés Jiménez

EQUIPO TÉCNICO:

Juan Cirilo Arnosa Casal
César Manuel Dans Galán
Rosa M^a Fernández Fernández
Ricardo Fernández López
M^a del Mar Martínez Besada
Berta Martínez Seijo
M^a Esther Sánchez González
Eva Uriach Masgoret
M^a Belén Yáñez Barge

EQUIPO AUXILIAR:

Francisco de Cal Pose
M^a Jesús Iglesias Ferreiro
Marta López Fernández
M^a José Porto Pardiñas

Presentación

O incremento da participación laboral das mulleres e as consecuentes modificacións na estrutura do actual mercado de traballo supoñen un dos fenómenos máis salientables e positivos acontecidos nas últimas décadas.

As altas cifras de emprego feminino acadadas poden facer pensar que a desexada igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, obxectivo perseguido por todas as políticas públicas de intervención nesta materia, está xa conseguida. No entanto, cando se levan a cabo análises máis pormenorizadas dos distintos indicadores que conforman o mercado laboral, compróbase como a realidade mostra aínda certas manifestacións de diferenzas entre ambos os dous sexos, diferenzas que resultan ser en moitos casos desfavorables para as mulleres.

A segregación laboral por razón de xénero é unha manifestación destas desigualdades mencionadas, segregación entendida como a distribución desigual de mulleres e homes nos diferentes sectores da economía e nas diferentes ocupacións profesionais, a cal provoca a concentración e, á súa vez, exclusión do colectivo feminino en determinadas actividades laborais. Esta “separación” está comprobado que afecta negativamente aos mercados de traballo, xa que pon de manifesto as rixideces por causa da escasa mobilidade entre ocupacións masculinas e femininas; ademais, a segregación prexudica de forma importante as mulleres ao reducir as súas oportunidades laborais.

O obxectivo deste informe é facilitar a información oportuna para conseguir unha mellor integración das mulleres no mercado laboral, e concretamente naqueles sectores e ocupacións que presenten mellores perspectivas de empregabilidade e, ao mesmo tempo, baixos niveis de representación feminina.

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Traballo e Benestar


Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	5
2. CONTRATACIÓN EN GALICIA POR XÉNERO.....	6
3. A REPRESENTACIÓN LABORAL DA MULLER NOS SECTORES ECONÓMICOS.....	9
4. A REPRESENTACIÓN DA MULLER NOS GRUPOS OCUPACIONAIS.....	15
5. A REPRESENTACIÓN DA MULLER NAS OCUPACIONES RELACIONADAS COS NOVOS FILÓNS DE EMPREGO.....	25
6. A REPRESENTACIÓN DA MULLER NA FORMACIÓN PARA O EMPREGO	27
7. PERFIL DA MULLER E HOME CONTRATADOS EN GALICIA 2010.....	28
8. PRINCIPAIS CONCLUSIÓN.....	30
ANEXO I	
OCUPACIÓN CON SUBREPRESENTACIÓN FEMININA NA CONTRATACIÓN SEGUNDO A CLASIFICACIÓN SISPE. GALICIA 2010.....	32

1. Introdución

A situación económica actual está agravando en maior medida as desigualdades existentes entre mulleres e homes. As mulleres continúan asumindo case por completo as tarefas domésticas e de atención de familiares, ademais de intentar manter os seus postos de traballo (en moitos casos precarios ou a tempo parcial) para achegar diñeiro á economía familiar. Tampouco en tempo de crise se aborda a equiparación de salarios entre ambos os sexos, incluso está constatado que a brecha é aínda máis ampla entre as traballadoras e os seus compañeiros de sexo masculino.

Os argumentos empregados para non contratar mulleres en determinados sectores e ocupacións do mercado de traballo adoitan estar relacionados cos estereotipos de xénero baseados nas diferenzas entre homes e mulleres a través as súas capacidades, actitudes psicolóxicas, ambicións e comportamentos. Aspectos como as dificultades derivadas do esforzo físico, a menor cualificación na utilización de novas tecnoloxías, a idea de que as mulleres sofren un maior absentismo laboral ou a distorsión do ambiente laboral en contornos masculinos ocultan a realidade de que as mulleres son fonte esencial para a actual economía. Independentemente do sector produtivo de que se trate, aproveitar o seu potencial debe ser percibido como un medio de promoción do crecemento do emprego e como un medio para acadar a futura recuperación económica.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Neste contexto, recentemente a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia publicou a relación das ocupacións con subrepresentación feminina no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Orde do 25 de novembro de 2010, publicada no DOG do 7 de decembro de 2010). O fin último é a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego. Esta relación de ocupacións renovárase anualmente.

O presente informe recolle esta relación de ocupacións e analiza tamén a representación das mulleres nos sectores produtivos da economía galega.

A base de datos utilizada para a súa elaboración é a de contratación en base aos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia. A base de datos de contratación é a que leva a cabo os rexistros máis precisos e desagregados das ocupacións e, asemade, ofrece unha visión obxectiva do dinamismo e tendencia do mercado de traballo galego actual e a súa demanda.


Para a ampliación da información contida neste informe, pódense consultar as aplicacións web do Instituto Galego das Cualificacións, postas a disposición do usuario no seguinte enderezo: <http://emprego.xunta.es/cualificaciones/>

2. Contratación en Galicia por xénero

Cómpre analizar en primeiro lugar a participación da muller no ámbito laboral a un nivel máis amplo, participación que analizamos, como comentamos ao inicio, co movemento contractual rexistrado no Servizo Público de Emprego de Galicia nos últimos cinco anos. En concreto, todo o informe se basea no concepto de “contratada/o”, entendendo como tal as persoas contratadas independentemente do número de contratos que cada un poida ter.


En 2010 un total de 150.058 mulleres asinaron un contrato de traballo en Galicia, cantidade que supón o 47,23% do total da contratación rexistrada. Comparativamente, vemos como esta porcentaxe non logra superar o peso poboacional das mulleres no mesmo período, xa que, baseándose nos datos do Padrón Municipal de Habitantes, estas supoñen algo máis da metade dos galegos censados, un 51,70% aproximadamente.

A pesar de que desde o ano 2007 a comunidade galega perde un total de 41.248 mulleres contratadas, o seu peso relativo en relación cos homes aumenta ano tras ano, tres puntos porcentuais en cinco anos, feito que vén provocado, entre outras cuestións, pola perda de emprego de maior envergadura experimentado polos homes.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Máis concretamente, a participación da muller, se a comparamos coa contratación masculina, crece no último período do ano 2010; mesmo en tres meses de final de ano, setembro, outubro e decembro, o número de contratos asinados por mulleres supera a metade do total rexistrado na comunidade galega.




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

PERSOAS CONTRATADAS EN 2010 EN GALICIA SEGUNDO O XÉNERO



2010	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Home	20.427	19.354	20.869	21.273	21.997	25.488	32.035	23.559	24.865	22.737	21.201	18.241
Muller	20.215	17.983	19.692	19.308	19.560	23.220	30.071	21.858	26.364	23.368	21.042	20.307

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A provincia da Coruña é a que amosa unha porcentaxe de representación feminina máis elevada, seguida polas de Pontevedra, Ourense e Lugo. Pontevedra é a provincia galega na que máis creceu a participación da muller traballadora no conxunto da contratación laboral rexistrada. Precisamente, Pontevedra destaca por ser a única provincia onde o tramo de idade maioritario son as mulleres que teñen entre 30 e 44 anos, mentres que A Coruña, Lugo e Ourense contratan mulleres de idades máis novas, de entre 16 e 29 anos.


PORCENTAXE DE CONTRATACIÓN DE MULLERES NAS PROVINCIAS GALEGAS. 2010

A participación feminina no ámbito laboral descende ao mesmo tempo que aumenta a idade das mulleres: as menores de 30 anos rozan a metade da contratación total no pasado ano 2010, mentres que as maiores de 55 reducen a súa representación ata chegar ao 37%. Unha porcentaxe de participación similar, un 35%, obteñen as mulleres contratadas en Galicia que teñen nacionalidade estranxeira.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

O 40% das mulleres contratadas na comunidade autónoma galega en 2010 teñen a titulación de ensinanza obrigatoria. A medida que ascende o nivel formativo dos traballadores, obsérvase como as mulleres superan os homes en número de contratados ata chegar aos titulados universitarios, onde elas practicamente duplican os homes: un 64% do total de contratados con estudos superiores son mulleres.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia


3.A representación laboral da muller nos sectores económicos

Á vista dos resultados de participación obtidos polas mulleres nos últimos anos, poderíase dicir que a equiparación cos niveis de emprego acadados polos homes está practicamente conseguida. Por iso resulta necesario ver como se comporta a contratación feminina, en primeiro lugar, nos distintos sectores de actividade.

A clasificación da actividade económica empregada neste informe baséase na CNAE 09 (Clasificación Nacional de Actividades Económicas) para os anos 2009 e 2010, e a clasificación anterior, a CNAE 93, para as comparativas levadas a cabo con anos anteriores, comparativas que soamente se poden producir a nivel dos grandes sectores de actividade, xa que non existe unha equiparación exacta a un nivel máis desagregado. Nalgúns puntos aparecen táboas coa clasificación estruturada cun nivel consistente en rúbricas identificadas mediante un código numérico de dúas cifras; noutros, as actividades do CNAE agrúpanse a nivel de sección, e, por último, tamén reflectimos a contratación nos catro grandes sectores de actividade, os tres niveis son de maior a menor desagregación.

A tendencia producida cara á terciarización da economía, en paralelo co declive do sector primario e secundario, supón a creación de moitos empregos para as mulleres, polo menos ata o ano 2008, en que o volume de contratadas comeza a descender. Desta maneira, vemos como o emprego feminino se concentra dunha forma moi evidente no sector servizos, que no ano 2010 supón o 89% do total da contratación rexistrada. O feito de ter unha tan alta concentración nun só sector ata agora era un dato positivo, pois tratábase do sector máis dinámico e de maior xeración de emprego, pero na actualidade convértese nun punto en contra, xa que, ademais de ser a actividade que máis empregos perde nos últimos tres anos (63.189 contratados menos), este sector está marcado pola alta temporalidade dos seus contratos, as xornadas a tempo parcial e a baixa remuneración dos seus traballadores.

No tocante á temporalidade, hai que dicir que o 82% dos contratos asinados polas mulleres en 2010 tiñan carácter temporal, e máis concretamente o 37% foron contratos temporais a tempo parcial, porcentaxe que nos homes baixa ata un 17%. Nesta tipoloxía de contratación, a contratación temporal a tempo parcial, as mulleres contratadas duplican exactamente os homes (32.015 homes fronte ás 64.618 mulleres).



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

PERSOAS CONTRATADAS NOS CATRO GRANDES SECTORES ECONÓMICOS SEGUNDO O XÉNERO. GALICIA 2010

2010	SECTOR CONSTRUCCIÓN	SECTOR PRIMARIO	SECTOR SECUNDARIO	SECTOR SERVICIOS
Home	44.739	13.447	27.450	107.342
Muller	2.952	2.360	14.794	156.010


Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Comprobando a distribución por xénero da contratación sectorial nos últimos anos, destaca o feito de que a muller ten en 2010 menor presenza nos sectores primario e secundario do que se rexistraba no ano 2006, mentres que esta perda de peso relativo vén compensada co incremento porcentual da participación no sector servizos. Este último é o único en que a muller supera o home en volume de contratación, practicamente 50.000 contratadas máis no ano 2010.

EVOLUCIÓN DA CONTRATACIÓN E PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NOS CATRO GRANDES SECTORES ECONÓMICOS DE 2006 A 2010

	2006		2007		2008		2009		2010	
	Contratadas	% representación	contratadas	% representación	contratadas	% representación	contratadas	% representación	contratadas	% representación
SECTOR CONSTRUCCIÓN	5.495	6,72	5.548	7,03	4.182	6,60	3.475	6,32	2.952	6,19
SECTOR PRIMARIO	3.048	19,51	3.126	19,64	3.462	19,28	2.740	17,38	2.360	14,93
SECTOR SECUNDARIO	26.960	37,10	26.314	35,65	21.568	35,42	15.676	34,57	14.794	35,02
SECTOR SERVICIOS	186.499	57,74	192.302	58,89	181.666	59,63	160.322	59,88	156.010	59,24

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Realizando unha análise máis detallada, vemos como nunhas 40 actividades económicas (códigos a dous díxitos da CNAE 09), practicamente a metade das existentes, a muller está infrarrepresentada con respecto ao home. Estas actividades supoñen a terceira parte da contratación total nos dous últimos anos, o cal resulta un dato de importancia ante o impulso que se podería dar no fomento de emprego nestas categorías.

As empresas que desenvolven actividades relacionadas coa construción e as industrias extractivas, como era de agardar, non superan o 7% de participación na contratación feminina do pasado ano 2010. O sector primario, nas súas tarefas relacionadas coa agricultura, a gandaría, a silvicultura e a pesca, conta soamente cun 17,22% de mulleres contratadas no último ano, aínda que é certo que Galicia lidera o ranking de comunidades autónomas no tocante á afiliación de mulleres no sector agrario por conta propia, dato que non sae reflectido lóxicamente na análise da contratación.

Tamén chama a atención que, a pesar de que as traballadoras están altamente representadas nos servizos, como acabamos de comentar, determinadas actividades dentro deste sector teñan menor porcentaxe de participación feminina, feito que se mostra a continuación máis en detalle. Trátase do comercio por xunto e polo miúdo (sobre todo no referido á venda e reparación de vehículos de motor), o transporte e almacenamento (incluído o marítimo), as actividades administrativas e servizos auxiliares (referidas ás actividades de seguranza e investigación), outros servizos (a reparación de ordenadores e determinados artigos) e as actividades artísticas, científicas e técnicas (referidas aos servizos técnicos de arquitectura e enerxía).

ACTIVIDADES ECONÓMICAS (SECCIÓN CNAE) CON MENOR REPRESENTACIÓN DA MULLER TRABALLADORA. GALICIA 2010

SECTOR	SECCIÓN CNAE	% MEDIO DE REPRESENTACIÓN FEMININA 2010	VOLUME DE CONTRATACIÓN ENTRE 2009 E 2010
SECUNDARIO	Industrias extractivas	3,10	1.417
CONSTRUCCIÓN	Construcción	6,16	102.713
SERVIZOS	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	17,20	8.596
PRIMARIO	Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	17,22	31.576
SECUNDARIO	Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	17,78	351
SECUNDARIO	Industrias manufactureiras	19,77	52.467
SECUNDARIO	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	20,90	3.842
SERVIZOS	Transporte e almacenamento	22,80	31.957
SERVIZOS	Actividades administrativas e servizos auxiliares	24,63	5.032
SERVIZOS	Outros servizos	29,23	1.302
SERVIZOS	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	31,90	6.110
SERVIZOS	Actividades profesionais, científicas e técnicas	37,18	7.418

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Tendo en conta a caída de contratación producida no mercado laboral nos últimos anos, resulta necesario facer fincapé naquelas actividades económicas que crecen en volume de emprego no bienio 2009-2010, e aínda así non se conta con mulleres profesionais que poidan desempeñar as súas tarefas. Nunha análise máis pormenorizada vemos como as empresas que desenvolven actividades relacionadas coa pesca e a acuicultura, a enerxía eléctrica, a industria do papel, o almacenamento e actividades anexas ao transporte, as actividades de creación e artísticas, a agricultura, a fabricación de produtos de caucho e plásticos e o transporte aéreo teñen un crecemento contractual medio dun 9% no último ano e soamente unha de catro mulleres é contratada para realizar este tipo de actividades.

A continuación mostramos o cadro coa relación de actividades a nivel de dous díxitos CNAE 09 (o nivel máis desagregado ao que podemos chegar para este indicador) que mostran baixas participacións femininas nos movementos contractuais ordenadas de menor a maior representación porcentual. Ademais, resaltamos noutra cor aquelas que mostran un crecemento positivo na contratación de 2009 a 2010.

A cuarta actividade económica con menor representación da muller (as actividades de construción especializada, cun 5,90% de mulleres contratadas) é precisamente a actividade económica que maior volume de contratos achega no emprego masculino, seguida da construción de edificios, cun 6,60% de mulleres contratadas.

ACTIVIDADES ECONÓMICAS (CNAE A 2 díxitos) CON MENOR REPRESENTACIÓN DA MULLER TRABALLADORA. GALICIA 2010

CÓDIGO	ACTIVIDADE ECONÓMICA	% mulleres 2010	Media de representación feminina 09/10	% de crecemento da contratación xeral entre 2009 e 2010	Volume total de contratados entre 2009 e 2010
03	Pesca e acuicultura	5,28	5,57	1,54	13.128
30	Fabricación doutro material de transporte	5,84	6,19	-21,53	5.570
07	Extracción de minerais metálicos	5,88	8,94	-32,00	42
43	Actividades de construción especializada	5,90	6,12	-10,52	53.006
42	Enxeñaría civil	5,98	5,42	-21,31	7.816
08	Outras industrias extractivas	6,53	7,85	-3,44	1.372
41	Construción de edificios	6,60	6,58	-15,24	41.891
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	7,74	7,29	-1,66	4.171
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	9,85	10,42	-10,00	12.669
24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	9,96	9,57	-15,89	3.430
02	Silvicultura e explotación forestal	12,51	13,90	-3,26	10.504
28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	13,26	13,89	-6,04	2.537
31	Fabricación de mobles	13,79	15,08	-12,12	2.031
37	Recollida e tratamento de augas residuais	14,43	16,00	31,08	171
49	Transporte terrestre e por tubaxe	15,14	15,64	-1,76	19.939
16	Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría	17,19	19,31	-4,87	3.688
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	17,20	17,02	-5,04	8.596
50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores	17,38	15,45	-9,77	1.674
35	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	17,78	18,25	5,26	351
17	Industria do papel	19,76	23,21	1,21	332
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	20,17	20,06	-2,41	4.667

CÓDIGO	ACTIVIDADE ECONÓMICA	% mulleres 2010	Media de representación feminina 09/10	% de crecemento da contratación xeral entre 2009 e 2010	Volume total de contratados entre 2009 e 2010
36	Captación, depuración e distribución de auga	22,43	22,57	-7,80	567
19	Coquerías e refinación de petróleo	22,43	22,38	-4,46	219
38	Recollida, tratamento e eliminación de residuos; valorización	22,72	23,98	-8,52	3.058
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	22,88	24,28	4,50	10.180
27	Fabricación de material e equipamento eléctrico	23,03	22,79	-10,33	698
39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	24,00	31,05	19,05	46
80	Actividades de seguranza e investigación	24,63	24,90	-1,81	5.032
26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	28,30	29,87	-24,29	246
95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	29,23	28,30	-7,40	1.302
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	29,63	29,00	-15,42	6.298
20	Industria química	29,76	30,68	-2,87	1.098
11	Fabricación de bebidas	31,54	32,04	-14,19	2.986
90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	31,90	31,95	2,18	6.110
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	33,89	36,62	2,86	7.944
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	34,08	33,39	17,24	1.827
51	Transporte aéreo	35,79	41,08	37,68	164
71	Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas	37,18	38,98	-13,52	7.418

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Nota: Os códigos CNAE son referidos á actividade da empresa

Dentro do sector servizos, a expansión do emprego público, tanto en ramas administrativas como en educación, a saúde, os servizos sociais e as actividades administrativas e de servizos auxiliares convértese na fonte principal do emprego feminino. Tamén o sector téxtil e a hostalaría concentran un alto volume de contratación feminina.

Nestas áreas de actividade, a porcentaxe de representación da muller é moi superior á do home: tres de cada catro contratos asinados nos mencionados ámbitos teñen xénero feminino. Esta segregación horizontal pódese entender como un hándicap para as mulleres, xa que a alta concentración nun número reducido de ramas produtivas fai que as posibilidades de acceso ao mercado laboral sexan máis reducidas, problema que se incrementa en épocas de escaseza de emprego como a actual. O grao de concentración do emprego é moito menor no caso dos homes, e as súas ramas de actividade son menos homoxéneas.

ACTIVIDADES ECONÓMICAS CON MAIOR REPRESENTACIÓN DA MULLER. GALICIA 2010


CÓDIGO	ACTIVIDADE ECONÓMICA	% de mulleres contratadas sobre o total	% media de representación feminina na contratación en 2009 e 2010	% de crecemento na contratación xeral de 2009 a 2010	Volume total de contratados entre 2009 e 2010
87	Asistencia en establecementos residenciais	90,75	90,36	11,72	9.845
14	Confección de roupa de vestir	90,05	89,35	-8,41	7.817
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	88,33	88,86	0,12	11.955
96	Outros servizos persoais	86,34	85,01	-0,32	11.853
99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	50,00	80,00	150,00	21
86	Actividades sanitarias	79,68	79,38	-23,41	11.473
47	Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	74,81	74,11	0,87	68.068
66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	73,76	73,94	-5,11	1.411
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	71,86	72,35	-5,09	23.689
75	Actividades veterinarias	66,10	71,49	-46,10	631
70	Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	70,04	70,94	1,66	2.908
69	Actividades xurídicas e de contabilidade	72,89	70,93	-9,94	4.683
55	Servizos de aloxamento	68,46	68,07	5,89	15.211
73	Publicidade e estudos de mercado	69,82	67,77	0,68	7.626
79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes	65,44	67,40	1,28	2.353

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

O feito de que mulleres e homes se sitúen en lugares diferentes dentro do ámbito sectorial e da escala ocupacional (como imos comprobar a continuación) non debería resultar un acto discriminatorio en si mesmo; convértese en prexudicial cando, como resultado deste, as mulleres acaban en posicións desvantaxosas con respecto aos homes, nos niveis máis baixos do emprego no que se refire a cualificación e a remuneración.

Este último aspecto faise evidente cando se analiza a distribución salarial por xénero nos diferentes sectores de actividade. A enquisa de estrutura salarial que leva a cabo periodicamente o Instituto Nacional de Estatística está realizada no marco da Unión Europea con criterios comúns de metodoloxía e contidos co fin de obter uns resultados comparables acerca do nivel, estrutura e distribución do salario entre os Estados membros.

Segundo datos do ano 2008, as mulleres cobran na nosa comunidade autónoma un 21,12% menos que os homes; esta diferenza aínda é maior no sector da industria (un 26%) e no sector servizos (un 24%). Estes datos significan que na industria os homes cobran un total de 5.781 euros máis que as mulleres, e no caso dos servizos a cantidade elévase a uns 5.295 euros anuais. Inflúe nesta situación, sobre todo no sector servizos, que as mulleres traballan máis en contratos a tempo parcial que os homes.



Fonte: Enquisa de estrutura salarial. INE. Valores en euros.


Notas: cando o dato está marcado cun signo "*" indica que o número de observacións mostrais está comprendido entre 100 e 500, polo que a cifra é pouco significativa. É o caso do salario das mulleres no sector da construción.

4. A representación da muller nos grupos ocupacionais

Xunto coa segregación horizontal froito das diferenzas na distribución sectorial do emprego por sexos que acabamos de analizar, tamén cómpre destacar a segregación vertical, tendo en conta as diferenzas nas categorías profesionais que ocupan as mulleres en comparación cos homes. Algunhas destas categorías profesionais están intimamente relacionadas con determinados sectores de actividade, polo que, *a priori*, semella que os resultados serán semellantes ao analizar esta segregación ocupacional.

O 60% do total de mulleres contratadas no ano 2010 asóciase aos grupos 5 e 9, é dicir, os traballadores dos servizos de restauración e persoais e os traballadores non cualificados, repartíndose os restantes contratos en porcentaxes moito menores nas demais categorías ocupacionais. A contratación nos homes móstrase moito máis repartida entre os grupos. O maior volume de homes contratados atopámolo no grupo 7, de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, aínda que a porcentaxe non chega a representar un 26% do total.

Analizando a composición por xénero de cada grupo, podemos comprobar como as mulleres están subrepresentadas a nivel contractual precisamente nesta última categoría comentada, a de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, ademais de nos traballadores cualificados na agricultura e na pesca e nos operadores de instalacións e maquinaria, non chegando a supor en ningunha destas categorías un 20% do total de movementos contractuais no pasado ano 2010.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

PESOAS CONTRATADAS EN GALICIA SEGUNDO O GRAN GRUPO OCUPACIONAL E XÉNERO. GALICIA 2010

2010	1.Dirección das empresas e das administracións públicas	2.Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	3.Técnicos e profesionais de apoio	4.Empregados de tipo administrativo	5.Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	6.Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	7.Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción, e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	8.Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	9.Traballadores non cualificados	0.Forzas armadas
Home	1.087	12.239	17.425	8.776	27.042	6.851	51.207	28.048	49.597	163
Muller	563	16.559	16.849	24.184	71.099	1.408	7.531	6.474	37.515	321

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Resulta significativo o feito de que nos últimos cinco anos aumente a representación porcentual da muller no grupo de traballadores non cualificados (aqueles que realizan tarefas simples e rutineiras que requiren principalmente a utilización de ferramentas manuais e, a miúdo, un certo esforzo físico), mentres que descende no grupo 1, o que recolle os directivos de empresas e das administracións públicas. No pasado ano 2010 rexistráronse 217 contratadas menos que no ano 2007 no grupo de dirección das empresas, pasando así a representaren escasamente o 34% do total dos contratos nesta categoría.

En cambio, as traballadoras non cualificadas, malia perderen volume de contratación nos últimos anos, aumentan a súa representación porcentual ano tras ano, representando no último exercicio un 43% do total.

Estas categorías profesionais son as que sofren un maior índice de desemprego fronte ás profesións máis cualificadas.

Esta realidade mostra a dificultade que seguen a ter as traballadoras ante o acceso a postos de maior responsabilidade, a pesar de posuíren a mesma ou superior formación académica que os homes. Esta situación séguese evidenciando ao longo dos anos, independentemente do contexto económico en que nos atopemos.

Un exemplo claro desta situación atopámolo no feito de que o grupo de dirección de empresas aumenta a súa contratación xeral de 2009 a 2010 nun 2,61% e, ao mesmo tempo, o volume de mulleres contratadas neste grupo descende nun -3,43%. A progresiva incorporación da muller non sempre significa que esta se faga en postos de responsabilidade; ademais está demostrado que mesmo nos sectores onde ten maior representación non ocupa postos de carácter directivo.

Resulta de interese engadir un dato moi significativo neste punto: soamente un 1% das traballadoras en Galicia con estudos universitarios no ano 2010 asinou un contrato de traballo no grupo 1 de dirección das empresas e das administracións públicas (esta porcentaxe elévase a un 3% no caso dos homes). En cambio, unha porcentaxe superior, un 4,5% das mulleres con estudos superiores asinou un contrato no grupo 9 de traballadores non cualificados. A maior parte das contratadas con estudos universitarios atopámolas no grupo 2 de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, cun 45% de representación.

As porcentaxes entre xéneros iguálanse nos últimos anos en ocupacións que desempeñan os técnicos e profesionais científicos e intelectuais e técnicos e profesionais de apoio. O papel da muller neste rango ocupacional céntrase, fundamentalmente, en empregos relacionados coa sanidade, a ensinanza e os servizos sociais, moitos deles pertencentes ao sector público.

EVOLUCIÓN DA CONTRATACIÓN E PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NOS GRANDES GRUPOS DE OCUPACIÓN DE 2006 A 2010

	2006		2007		2008		2009		2010	
	Contratadas	% representación	Contratadas	% representación	Contratadas	% representación	Contratadas	% representación	Contratadas	% representación
1. Dirección das empresas e das administracións públicas	759	34,90	780	34,54	706	34,90	583	36,26	563	34,12
2. Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	19.208	57,73	19.281	57,85	19.767	57,90	17.197	57,61	16.559	57,50
3. Técnicos e profesionais de apoio	19.013	46,28	21.269	47,79	20.367	48,26	18.002	50,08	16.849	49,16
4. Empregados de tipo administrativo	38.540	73,86	38.312	74,55	35.658	74,46	26.675	74,06	24.184	73,37
5. Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	81.523	74,33	83.710	75,76	79.550	75,38	70.512	73,41	71.099	72,45
6. Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	1.906	19,44	2.210	23,53	2.069	20,71	1.765	20,26	1.408	17,05
7. Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	14.385	14,40	12.993	13,46	10.447	12,90	8.158	12,49	7.531	12,82


8. Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	12.710	24,12	12.455	22,76	10.284	22,00	6.820	19,75	6.474	18,75
9. Traballadores non cualificados	47.688	38,10	50.874	40,24	46.336	42,33	39.071	42,85	37.515	43,07
0. Forzas armadas	386	41,59	466	39,09	74	46,84	129	75,44	321	66,32

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

En todos os grandes grupos ocupacionais as mulleres teñen un salario inferior aos homes. A maior diferenza está nos grupos de traballadores non cualificados, e máis concretamente dentro do sector servizos, debido, en gran parte, a que nesta ocupación existen máis mulleres que homes traballando a tempo parcial. Nos grupos ocupacionais máis baixos de cualificación, as mulleres chegan a cobrar un 43% menos que os homes, mentres que nas categorías máis elevadas o desfase entre ambos os xéneros está en torno ao 25%.

As diferenzas salariais convértense nun dos indicadores que mellor evidencia a discriminación por xénero existente no actual mercado de traballo. Algunhas das causas que provocan esta realidade poderíamos dicir que son a discriminación directa (menor salario polo mesmo traballo), desvalorización do traballo das mulleres, segregación baseándose na tradición e nos estereotipos, e incluso o déficit de corresponsabilidade masculina.

Tradicionalmente, os homes son máis reticentes a aceptaren ocupacións con baixos salarios, mentres que as mulleres están máis dispostas a aceptalos, debido, entre outras cousas, a que o salario das mulleres se segue considerando unha axuda familiar e poucas veces como un salario que sirva para manter unha familia.



Fonte: Enquisa de estrutura salarial. INE. Valores en euros

Cómpre analizar os datos de contratación nas ocupacións profesionais dunha maneira máis desagregada. Neste punto analizamos a representación da muller na contratación das diversas ocupacións do mercado laboral traballando a información a nivel de grupo ocupacional (catro díxitos da Clasificación Nacional de Ocupacións), xa que os datos de contratos rexistrados só se poden obter a este nivel de desagregación.

Nunha primeira análise, e segundo os últimos datos publicados, os correspondentes ao ano 2010, podemos concretar que en 241 grupos ocupacionais dos 436 existentes (un 55,27%) a muller obtén uns valores de contratación inferiores ao 40% con respecto ao home. Estes 241 grupos de ocupacións con menor presenza feminina na comunidade galega supoñen a cuarta parte da contratación total efectuada no mesmo ano 2010. Ampliando a perspectiva temporal e collendo a contratación dos últimos cinco anos, vemos como o número de grupos ocupacionais con subrepresentación feminina aumentan ano tras ano; en 2006 contabamos cun total de 227 grupos, 14 menos que en 2010.

Dos 241 grupos de ocupacións mencionados, a continuación mostramos aqueles que teñen menor representación feminina en función do gran grupo ao que pertencen.

OCUPACIÓNS CON MENOR REPRESENTACIÓN FEMININA NA CONTRATACIÓN SEGUNDO A SÚA PERTENZA AO GRAN GRUPO OCUPACIONAL. GALICIA 2010

CÓDIGO	OCUPACIÓN	% de mulleres contratadas
1402	Xerencia de empresas industriais con menos de 10 asalariados	14,29
1704	Xerencia de empresas de transporte, almacenamento e comunicacións sen asalariados	15,38
1210	Xerencia de empresas de comercio por xunto con menos de 10 asalariados	17,39
1135	Dirección de departamentos de abastecemento e distribución	17,86
1123	Dirección de departamento de produción en empresas de construción	21,43
2058	Enxeñeiros xeógrafos	0,00
2612	Profesionais en meteoroloxía	0,00
2052	Enxeñeiros en electricidade	6,74
2631	Analistas de aplicacións e programadores informáticos de nivel medio	17,75
2057	Enxeñeiros en metalurxia	18,18
3511	Consignatarios	0,00
3521	Técnicos especialistas da policía	0,00
3052	Capitáns e oficiais de ponte	3,24
3025	Técnicos en mecánica	3,52
3023	Técnicos en electricidade	3,92
4021	Empregados de control de abastecementos e inventario	27,36
5221	Policías nacionais	8,33
5192	Empregados de pompas fúnebres e embalsamadores	10,92
5250	Gardas xurados e persoal de seguridade privado	14,80
5230	Bombeiros	16,57
5223	Policías locais	24,89
6324	Cazador por conta allea	0,00
6323	Pescador por conta allea	2,53
6322	Pescador por conta allea de auga doce e de augas costeiras	12,15
6241	Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	12,61
6121	Traballadores cualificados por conta allea en actividades gandeiras, incluídas as de animais de compañía e animais domésticos de pel valiosa	23,86
7332	Xefes de taller de motores de avión	0,00
7511	Moldeadores e macheiros	0,00
7612	Mecánicos e axustadores de motores de avión	0,00
7712	Construtores e afinadores de instrumentos musicais	0,00
7733	Gravadores de vidro	0,00

8010	Encargados en instalacións mineiras	0,00
8040	Encargados de taller de madeira e xefes de equipo na fabricación de papel	0,00
8070	Xefes de equipo de operadores de robots industriais	0,00
8111	Operadores en instalacións mineiras	0,00
8131	Operadores de fornos de vidraría e cerámica e de máquinas similares	0,00
9602	Peóns da construción de edificios	3,53
9440	Peóns forestais	13,76
9601	Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares	17,44
9500	Peóns da minaría	19,54
9330	Mozos de equipaxe e asimilados	20,61

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Resulta preocupante que existan determinadas ocupacións que, malia aumentaren o seu volume de contratacións xerais nos últimos cinco anos, feito salientable debido ao momento especialmente complicado que experimenta o actual mercado de traballo, seguen a contar cunha baixa representación feminina nos seus resultados. En concreto, os quince primeiros grupos ocupacionais que maior porcentaxe de crecemento contractual presentan no último quinquenio soamente contratan de media un 25,70% de mulleres.

Por esta razón, óptase por elaborar a seguinte listaxe de ocupacións con subrepresentación feminina tendo en conta, por unha banda, aqueles grupos ocupacionais en que a representación porcentual da muller no total de contratados sexa inferior ao 40% no último ano de referencia, neste caso o ano 2010. Das ocupacións resultantes desta operación escóllense aquelas que nos últimos cinco anos tamén presentan baixos índices de representación dunha maneira continuada. Por último, ademais da baixa representación feminina, as ocupacións que se relacionan a continuación teñen un crecemento positivo de contratación a nivel xeral e, aínda así, contan cun baixo índice de emprego feminino; trátase de ocupacións en que, polo seu comportamento, se debería impulsar o fomento do emprego para as mulleres.

OCUPACIÓNS CON MENOR REPRESENTACIÓN FEMININA NA CONTRATACIÓN DOS ÚLTIMOS CINCO ANOS E CON CRECIMENTO CONTRACTUAL NO MESMO PERÍODO

CÓDIGO	OCUPACIÓNS CON SUBREPRESENTACIÓN FEMININA GALICIA 2010	2010	DATOS 2006-2010		
		% de mulleres contratadas sobre o total	% media de representación feminina na contratación entre 2006 e 2010	% de crecemento na contratación xeral entre 2006 e 2010	Volume total de contratados entre 2006 e 2010
8240	Encargado de operadores de máquinas para fabricar produtos de madeira	0,00	6,86	3,23	39
8530	Operadores de maquinaria agrícola móbil	1,43	2,59	20,27	3.638
7515	Montadores e empalmadores de cables	1,65	2,19	36,15	953
8413	Montadores de equipos electrónicos	1,89	5,76	8,72	992
7140	Outros traballadores das obras estruturais de construción	2,12	2,34	3,33	7.565
7299	Outros traballadores diversos de acabado de construcións	2,82	3,03	11,54	1.463
7340	Xefes de equipos de mecánicos e axustadores de equipos eléctricos e electrónicos	2,86	7,11	5,66	335
8550	Mariñeiros de cuberta de barco e asimilados	3,77	4,79	42,76	5.547

CÓDIGO	OCUPACIÓNS CON SUBREPRESENTACIÓN FEMININA GALICIA 2010	2010	DATOS 2006-2010		
		% de mulleres contratadas sobre o total	% media de representación feminina na contratación entre 2006 e 2010	% de crecemento na contratación xeral entre 2006 e 2010	Volume total de contratados entre 2006 e 2010
8512	Axentes de manobras ferroviarias	4,17	9,89	65,52	82
8159	Outros operadores de instalacións de tratamento de produtos químicos	5,41	8,84	2,07	182
8050	Xefes de equipo en instalacións de tratamento químico	5,56	16,61	80,00	58
7030	Encargados de pintores, empapeladores e asimilados	5,71	3,85	27,27	145
7291	Teitadores	6,13	4,13	14,99	730
5221	Policías nacionais	8,33	38,97	128,57	33
8490	Outros montadores e ensambladores	10,42	22,76	17,43	4.230
5192	Empregados de pompas fúnebres e embalsamadores	10,92	17,36	70,61	398
8020	Encargados en instalacións de procesamento de metais	11,54	15,88	20,93	112
8153	Operadores de equipos de filtración e separación de substancias químicas	12,50	6,25	255,56	51
6241	Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	12,61	13,42	14,37	7.848
9440	Peóns forestais	13,76	19,06	5,36	18.260
8163	Operadores en instalacións de incineración, de tratamento de augas e outros operadores en plantas similares	14,77	22,06	16,18	662
2631	Analistas de aplicacións e programadores informáticos de nivel medio	17,75	21,24	35,29	1.092
1135	Dirección de departamentos de abastecemento e distribución	17,86	22,56	183,54	135
8377	Operadores de máquinas para elaborar té, café e cacao	20,00	9,00	66,67	17
2031	Analistas de sistemas e asimilados	20,12	21,76	52,25	613
3315	Taxadores e poxadores	20,51	20,89	18,18	171
9330	Mozos de equipaxe e asimilados	20,61	15,67	58,13	3.699
3049	Outros operadores de equipos ópticos e electrónicos	21,05	16,12	15,15	170
7941	Curtidores e preparadores de peles	21,74	21,73	64,29	79
8414	Ensambladores de produtos metálicos, de caucho e de plástico	23,67	27,14	15,98	1.090
5291	Bañista-socorrista	25,13	28,40	9,39	7.395
8123	Operadores en instalacións de tratamento térmico de metais	25,81	16,39	88,59	387
9420	Peóns gandeiros	26,08	30,35	18,94	3.028
5299	Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade	26,53	30,40	1,98	4.824
9351	Recolledores de lixo	26,89	29,14	22,28	1.922
2039	Outros profesionais de nivel superior de informática	27,11	26,46	3,70	1.666
8311	Operadores de máquinas-ferramenta	27,20	19,49	49,14	5.442
1125	Dirección de departamento de operacións en empresas de hostalaría	28,21	38,47	20,93	168

CÓDIGO	OCUPACIÓN CON SUBREPRESENTACIÓN FEMININA GALICIA 2010	2010	DATOS 2006-2010		
		% de mulleres contratadas sobre o total	% media de representación feminina na contratación entre 2006 e 2010	% de crecemento na contratación xeral entre 2006 e 2010	Volume total de contratados entre 2006 e 2010
9450	Peóns da pesca	28,36	28,21	15,41	2.157
2513	Compositores, músicos e cantantes	30,55	26,71	27,07	7.346
3543	Músicos, cantantes e bailaríns de espectáculos en cabarés e similares	32,19	33,53	6,10	4.312
1220	Xerencia de empresas de comercio polo miúdo con menos de 10 asalariados	32,69	34,24	10,64	240
6122	Traballadores cualificados por conta allea en actividades avícolas	33,33	38,67	39,29	453
9410	Peóns agrícolas	34,43	39,74	15,92	16.303
8250	Xefes de taller de imprenta, encadernación e fabricación de produtos de papel	35,71	17,75	80,65	45

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Nota: No anexo I do informe detállanse as ocupacións que compoñen cada grupo ocupacional que aparece na listaxe anterior. A listaxe de ocupacións a oito díxitos pertence á denominada clasificación SISPE, clasificación que se utiliza nas oficinas do Sistema Público de Emprego para intermediar no mercado de traballo.

Nesta listaxe pódese observar como, por unha banda, abundan as ocupacións relacionadas con operacións de maquinaria, mantemento, instalacións e montaxe, pero tamén postos de maior grao de cualificación, como poden ser os analistas e programadores, e diversos postos de dirección relacionados co comercio polo miúdo ou as empresas de hostalaría. Dentro deste sector, da hostalaría, os postos de menor cualificación e menor retribución salarial si están altamente representados polas mulleres, pero nas categorías directivas soamente un de cada catro contratos que se rexistran teñen xénero feminino.

Como unha das causas da escasa representación de mulleres nas ocupacións mencionadas, poderíase incluír a de que elas non están interesadas en traballar neste tipo de profesións e non presentan as súas candidaturas a través das demandas rexistradas nas correspondentes oficinas de emprego, entre outros medios de selección. Por esta razón, resulta interesante facer unha análise en paralelo dos índices de representación de mulleres e homes nas demandas de emprego destas ocupacións en concreto e os índices de contratación feminina nelas.

Nos grupos ocupacionais que se relacionan a continuación pódese comprobar como a porcentaxe de representación feminina nas demandas de emprego rexistradas supera a representación real de contratación, é dicir, existe maior proporción de mulleres que solicitan esa determinada ocupación das que logo realmente son contratadas.

Destacan de entre todas elas catro ocupacións en que as demandas de mulleres superan a metade das demandas totais e, aínda así, son escasamente contratadas para exercer as ditas profesións; trátase dos traballadores cualificados por conta allea en actividades avícolas, os recolletores de lixo, outros montadores e ensambladores e os curtidores e preparadores de peles.

COMPARATIVA ENTRE A REPRESENTACIÓN FEMININA NAS DEMANDAS DE EMPREGO E NAS CONTRATACIÓN


CÓDIGO	OCUPACIÓN	Representación feminina nas demandas de emprego	Representación feminina na contratación
8530	Operadores de maquinaria agrícola móbil	2,35	1,43
7299	Outros traballadores diversos de acabado de construcións	3,19	2,82
8240	Encargado de operadores de máquinas para fabricar produtos de madeira	5,56	0
8550	Mariñeiros de cuberta de barco e asimilados	5,65	3,77
8050	Xefes de equipo en instalacións de tratamento químico	10,00	5,56
8413	Montadores de equipos electrónicos	11,94	1,89
8020	Encargados en instalacións de procesamento de metais	12,50	11,54
6241	Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	20,10	12,61
1135	Dirección de departamentos de abastecemento e distribución	22,42	17,86
8163	Operadores en instalacións de incineración, de tratamento de augas e outros operadores en plantas similares	24,80	14,77
5192	Empregados de pompas fúnebres e embalsamadores	25,90	10,92
2631	Analistas de aplicacións e programadores informáticos de nivel medio	27,86	17,75
5291	Bañista-socorrista	28,21	25,13
8414	Ensambladores de produtos metálicos, de caucho e de plástico	29,82	23,67
3315	Taxadores e poxadores	31,34	20,51
3049	Outros operadores de equipos ópticos e electrónicos	33,33	21,05
1125	Dirección de departamento de operacións en empresas de hostalaría	34,53	28,21
7515	Montadores e empalmadores de cables	34,89	1,65
5299	Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade	36,10	26,53
8153	Operadores de equipos de filtración e separación de substancias químicas	37,50	12,5
1220	Xerencia de empresas de comercio polo miúdo con menos de 10 asalariados	38,46	32,69
9450	Peóns da pesca	39,47	28,36
8377	Operadores de máquinas para elaborar té, café e cacao	42,86	20
3543	Músicos, cantantes e bailaríns de espectáculos en cabarés e similares	44,71	32,19
8159	Outros operadores de instalacións de tratamento de produtos químicos	47,06	5,41
9410	Peóns agrícolas	47,29	34,43
9351	Recolledores de lixo	50,59	26,89
6122	Traballadores cualificados por conta allea en actividades avícolas	58,49	33,33
8490	Outros montadores e ensambladores	71,94	10,42
7941	Curtidores e preparadores de peles	80,00	21,74

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia


A existencia de discriminación leva consigo que as mulleres non invistan no acceso a postos e sectores en que saben que van atopar barreiras. Noutras ocasións as canles de recrutamento utilizan redes ou fontes onde o acceso para as mulleres é difícil; os procesos informais non lles permiten ás mulleres o coñecemento do lugar de traballo, xa que a información se transmite a través de redes masculinas. O mesmo acontece coas redes femininas, o que provoca que prosiga ao longo do tempo a representación desigual nos postos de traballo.

En concreto, hai que destacar que das demandas de traballo rexistradas para traballar no grupo 1 (de directivos de empresas), un 35% corresponden ás mulleres, fronte ao 65% dos homes; en cambio, acontece o contrario co grupo 9 de traballadores non cualificados, onde as mulleres supoñen un 56% do total das demandas rexistradas.

Para completar a visión, cómpre analizar aquelas ocupacións que máis contratación feminina rexistran e aquelas que reciben un maior volume de demanda por parte das mulleres.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Os homes distribúense máis homoxeneamente ao longo de todas as ocupacións que as mulleres; mesmo nas ocupacións máis feminizadas aparecen porcentaxes significativas de homes (un 34% de media de representación masculina nas 10 primeiras ocupacións con máis contratos a mulleres), mentres que nas ocupacións máis masculinas practicamente non aparecen mulleres.

Dous aspectos negativos para as mulleres traballadoras salientables neste punto son:

- A actual crise socioeconómica fai que se incremente o número de homes que son contratados en profesións feminizadas, mentres que non acontece o mesmo coas profesións masculinizadas: a proporción de mulleres segue a ser moi escasa. Estes cambios orixinan modificacións moi significativas sobre o que acontecía no mercado de traballo ata o ano 2007.

Ocupacións altamente compostas por mulleres, como son os asistentes domiciliarios, os caixeiros, cociñeiros e profesionais de comidas ou os empregados para o coidado de nenos (que teñen máis dun 70% de representación feminina e máis de 3.000 contratos rexistrados para as mulleres no ano 2010), experimentan unha subida dun 16% na contratación masculina.

En cambio, o caso contrario, profesións masculinizadas, como son os traballadores das obras estruturais da construción, bañistas-socorristas, peóns forestais e agrícolas, montadores e ensambladores, traballadores de servizos de protección e seguridade e os operadores de maquinaria agrícola móbil (ocupacións que teñen un crecemento contractual nos últimos anos e que ademais achegan máis de 10.000 contratos en 2010 para os homes), rexistran unha baixada dun -21,30% na contratación feminina.

- Por outro lado, oito das dez primeiras ocupacións que maior volume de emprego feminino xeran, perden en cinco anos 27.950 contratadas e, ao mesmo tempo, soamente dúas ocupacións (asistentes domiciliarias e as auxiliares administrativas con tarefas de atención ao público) gañan un total de 1.438 contratadas.

No tocante ás demandas de emprego, queda constatado que os candidatos, sexan homes ou mulleres, compiten por todos os postos dispoñibles, xa que as ocupacións máis demandadas son tamén as máis contratadas. O que si marca a diferenza entre ambos os xéneros é o grao de concentración que mostran: as dez primeiras ocupacións máis demandadas polas mulleres aglutinan o 52,17% do total das demandas existentes, mentres que esta porcentaxe baixa ata un 37% no caso dos homes.

5.A representación da muller nas ocupacións relacionadas cos novos filóns de emprego

Neste punto analízanse os grupos ocupacionais con subrepresentación feminina expostos no punto anterior e que ademais están vinculados aos coñecidos como *filóns de emprego*, é dicir, aquelas actividades que foron propostas a nivel europeo orientadas cara a xerar emprego que satisfaga, amplíe e mellore a calidade de vida cidadá.

Estas actividades non se convierten en grandes áreas xeradoras de emprego pero resulta de interese analizar o seu potencial e as posibilidades de inserción que poden ter as mulleres dos diferentes ámbitos que abarcan.

Os filóns de emprego subdivídense en catro grandes ámbitos ou apartados:

- Os servizos da vida diaria
- Os servizos para a mellora da calidade de vida
- Os servizos culturais e de ocio
- A protección do medio natural

Dentro do primeiro ámbito, os **servizos da vida diaria**, a muller está altamente representada en actividades relacionadas cos *servizos a domicilio*, a *atención á infancia* e as *axudas para colectivos con dificultades de inserción*. De novo queda constatado que as profesións feminizadas teñen características baseadas nos estereotipos existentes na sociedade sobre a muller.

En cambio, dentro deste mesmo bloque de servizos da vida diaria, atopamos actividades relacionadas coas *novas tecnoloxías da información e da comunicación* en que a muller ten unhas porcentaxes de contratación moi inferiores ás dos homes. En concreto, ocupacións como as de *analistas de aplicacións e programadores informáticos de nivel medio* e *outros profesionais de nivel superior e medio de informática* apenas contan cun 20% de mulleres na contratación levada a cabo no pasado ano 2010.

Nos servizos para a **mellora da calidade de vida**, as mulleres están infrarrepresentadas en actividades que englobaría a denominada *mellora da vivenda*. Son a actividades que desempeñan profesionais como os *traballadores das obras estruturais de construción* e os *montadores e empalmadores de cables*; nelas as mulleres soamente representan o 1,89% do total da contratación de 2010 .

Tamén hai que mencionar a ocupación referida aos *condutores de autobuses*, na cal, malia non estar incluída na lista de ocupacións anteriormente exposta por descender o seu volume de contratación no último ano, obsérvase como só un 17% do total de contratados en 2010 son mulleres.

Os resultados de contratación nas actividades relacionadas coa **protección do medio natural** non reflicten para a muller unhas perspectivas moi optimistas. En concreto, no que se refire ao *tratamento de residuos*, a *xestión da auga* e a *protección e mantemento das zonas naturais*, as mulleres presentan unha media de representación dun 18% no total dos movementos contractuais rexistrados nas oficinas de emprego galegas.

Este tema lévanos a analizar a importancia do fomento do denominado “**emprego verde**”, que está estreitamente relacionado coa área de traballo que acabamos de comentar. Os empregos verdes son aqueles que reducen o impacto ambiental das empresas e dos sectores económicos ata acadaren, en definitiva, niveis sustentables. Estes empregos atópanse en moitos sectores da economía, desde a subministración de enerxía ata a reciclaxe, e desde a agricultura ata a construción e o transporte. Co impulso deste tipo de traballos, os organismos internacionais queren contribuír significativamente á reactivación da economía global. Cómpre analizar se a representación da muller nestas actividades cumpre as expectativas de igualdade de oportunidades desexada.

As seguintes ocupacións estarían altamente relacionadas co ámbito do emprego verde e destacan por teren poucas mulleres contratadas nos seus movementos. Ademais, están marcadas en vermello aquelas ocupacións que se comportan adecuadamente e en crecemento nos últimos cinco anos, e nas que, ademais das restantes, sería necesario enfocar os esforzos adecuados para axudarlle á muller a recoñecer as oportunidades que o sector verde lles pode brindar.

OCUPACIÓNS RELACIONADAS CO EMPREGO VERDE QUE MENOR REPRESENTACIÓN DA MULLER TEÑEN NA CONTRATACIÓN XERAL. GALICIA 2010.

CÓDIGO	Xestión da auga e dos residuos	% mulleres
7220	Fontaneiros e instaladores de tubos	1,74
8163	Operadores en instalacións de incineración, de tratamento de augas e outros operadores en plantas similares	14,77
9351	Recolledores de lixo	26,89

CÓDIGO	Enerxías renovables	% mulleres
7299	Outros traballadores diversos de acabado de construcións	2,82
7621	Mecánicos e reparadores de equipos eléctricos	3,60
3023	Técnicos en electricidade	3,92

CÓDIGO	Protección e mantemento de zonas naturais	% mulleres
8530	Operadores de maquinaria agrícola móbil	1,43
6241	Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	12,61
9440	Peóns forestais	13,76
5230	Bombeiros	16,57
5299	Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade	26,53
9410	Peóns agrícolas	34,43

CÓDIGO	Servizos ambientais ás empresas	% mulleres
2059	Outros enxeñeiros superiores (excepto agropecuarios)	26,89

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

No ámbito das enerxías renovables, hai que mencionar que o grupo ocupacional referido aos *traballadores diversos de acabados de construcións* recolle a ocupación de *montador de placas de enerxía solar*, ocupación que soamente rexistra un 2,82% de mulleres nas súas contratacións levadas a cabo no pasado ano 2010.

O grupo de *mecánicos e reparadores de equipos eléctricos* engloba, entre outras ocupacións, a de *instaladores de sistemas fotovoltaicos e eólicos* e a de *instaladores de sistemas de enerxía solar térmica*; ambas non chegan ao 4% de representación feminina.

O grupo ocupacional referido aos *técnicos en electricidade* tamén estaría altamente relacionado co sector do emprego verde, xa que inclúe ocupacións como a de *técnico de sistemas de enerxías alternativas* e *técnicos de planta de captación e/ou tratamento de augas*; en ambas rexístrase un número moi reducido de mulleres traballadoras.

Os diversos *traballadores dos servizos de protección e seguridade* fan referencia aos axentes forestais, técnicos de protección civil e gardas de recursos naturais. Estes aumentan nun 2% a súa contratación desde o ano 2006, pero contan todos eles cuns niveis moi reducidos de participación feminina.

Por último, o grupo ocupacional que fai referencia a *outros enxeñeiros superiores (excepto agropecuarios)* mantén o volume de contratos practicamente intacto nos últimos cinco anos e soamente un de cada catro postos de traballo que se crean cada ano é ocupado por unha muller. Este grupo engloba un bo número de titulacións referidas á loxística, calidade, **medio ambiente**, organización industrial, etc...

6. A representación da muller na formación para o emprego

A formación regrada das mulleres en ocupacións onde está subrepresentada queda en moitas ocasións compensada coa formación ocupacional, polo que resulta importante que se coñeza e aposte polo investimento en formación de traballadores. A formación é un instrumento fundamental no progreso da economía; ademais, débese orientar cara a aqueles ámbitos que presenten unhas maiores perspectivas de emprego, neste caso para as mulleres, abrindo o abano de posibilidades cara a sectores onde poida aumentar a súa representación e mellorar a súa inserción laboral.


Practicamente a metade dos alumnos participantes nas últimas accións formativas destinadas a persoas desempregadas en Galicia foron mulleres, aínda que preto do 60% delas optaron por realizar cursos relacionados coas familias profesionais de *administración e xestión*; *servizos socioculturais e á comunidade*, e *informática e comunicacións*. Familias como as que a continuación detallamos (industrias extractivas; electricidade e electrónica; instalación e mantemento; fabricación mecánica, e enerxía e auga) apenas rexistran alumnas formadas, o que se podería considerar un fiel reflexo da situación do mercado laboral ata o de agora comentada neste informe.


FAMILIAS PROFESIONAIS CON MENOR PORCENTAXE DE ALUMNAS FORMADAS

FAMILIAS PROFESIONAIS	% mulleres
Industrias extractivas	0,00
Electricidade e electrónica	6,96
Instalación e mantemento	8,91
Fabricación mecánica	12,46
Enerxía e auga	12,46

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

7. Perfil da muller e home contratados en Galicia 2010





Nota: para a elaboración do perfil, tómanse os valores máximos dentro de cada indicador. Sinalamos aquelas ocupacións que teñen certa representación contractual, máis de 100 contratos en 2010.

8. Principais conclusións

- As mulleres son o 52% da poboación galega, aínda que seguen a supor menos da metade dos contratos rexistrados nas oficinas dos Servizos Públicos de Emprego. Con todo, a súa participación laboral incrementouse dunha maneira constante nos últimos anos ata chegaren a representar o 47,23% das contratacións levadas a cabo no pasado ano 2010.
- A representación feminina no ámbito do emprego decrece ao mesmo tempo que aumenta a súa idade; de feito, as traballadoras menores de 30 anos practicamente supoñen a metade dos movementos contractuais rexistrados na comunidade galega e as maiores de 55 anos apenas chegan ao 37% da contratación.
- 65 de cada 100 contratos asinados polos galegos en 2010 con requisito dun nivel de estudos universitarios tiñan xénero feminino, aínda que a maior porcentaxe de contratadas se atopa nos niveis de ensinanza obrigatoria.
- O 89% dos contratos que asinan as galegas son en empresas pertencentes ao sector servizos, sector que perde nos últimos tres anos un total de 63.189 empregos e que, ademais, se caracteriza pola alta temporalidade, as xornadas a tempo parcial e a baixa remuneración dos seus traballadores e traballadoras. A presenza da muller nos sectores primario e secundario está marcada polo descenso continuado ano tras ano.
- En 40 das actividades económicas do mercado de traballo, practicamente a metade das existentes, a muller está infrarrepresentada con respecto ao home. Estas actividades supoñen a terceira parte da contratación total levada a cabo na comunidade galega nos dous últimos anos.
- Estas actividades, poderíamos dicir “masculinizadas”, son, entre outras, actividades relacionadas coas industrias extractivas, a construción, a agricultura, a gandaría, a silvicultura e a pesca. Incluso dentro do sector servizos, onde predominan as mulleres, estas teñen escasa representación en actividades como o transporte e almacenamento, actividades de seguranza e investigación, reparación de determinados artigos e actividades artísticas, científicas e técnicas.
- As mulleres perciben na comunidade autónoma galega un salario que é 21,12% menor que o dos homes; esta diferenza é aínda maior no sector da industria (26%) e no sector servizos (24%).
- O 60% das traballadoras contratadas asócianse a dous grupos ocupacionais: os *traballadores dos servizos de restauración e persoais* e os *traballadores non cualificados*. A contratación nos homes está moito máis repartida entre todos os grupos, feito que resulta moito máis positivo para eles.
- Soamente 34 de cada 100 postos directivos é ocupado por mulleres e, para máis detalle, no ano 2010 todos os contratados neste grupo son homes. A contratación no grupo de *dirección de empresas e das administracións públicas* aumenta nun 2,61% entre os anos 2009 e 2010, mentres que nas mulleres descende nun -3,43%.

- É superior a porcentaxe de contratadas universitarias que asinan un contrato no grupo ocupacional das *traballadoras non cualificadas* que no grupo de *dirección das empresas e das administracións públicas*.
- Aproximadamente nun 56% do grupos ocupacionais existentes a muller obtén valores de contratación inferiores ao 40%; estes grupos supoñen a cuarta parte da contratación total efectuada en Galicia no ano 2010. Os grupos ocupacionais con subrepresentación feminina aumentan ano tras ano.
- Resulta máis preocupante que os quince primeiros grupos ocupacionais que maior crecemento contractual presentan no último quinquenio soamente empreguen de media un 25,70% de mulleres.
- Entre estes grupos ocupacionais abundan profesións relacionadas con operacións de maquinaria, mantemento, instalacións e montaxe, pero tamén postos de maior grao de cualificación, como os analistas e programadores, e diversos postos de dirección relacionados co comercio polo miúdo ou as empresas de hostalaría.
- A actual crise económica fai que se incremente o número de homes que son contratados en profesións feminizadas, como os *asistentes domiciliarios; caixeiros; cociñeiros*, ou *empregados para o coidado de nenos*, mentres que non acontece o mesmo para as mulleres en ocupacións masculinizadas.
- Un gran número de ocupacións estreitamente relacionadas cos coñecidos como *filóns de emprego*, actividades orientadas cara á xeración positiva de emprego, non ofrecen datos moi alentadores para o traballo feminino. Trátase de ámbitos como as novas tecnoloxías da información e da comunicación, a mellora da calidade de vida (máis concretamente, profesións que desenvolven tarefas de mellora das vivendas) ou a protección do medio natural, entre outras.
- En concreto, o denominado “*emprego verde*”, outro foco de xeración de emprego impulsado por todos os organismos cara á reanimación da economía global, presenta nas áreas denominadas *xestión da auga e dos residuos; enerxías renovables; protección e mantemento de zonas naturais*, e *servizos ambientais para as empresas* un alto volume de ocupacións que non acadan uns niveis de participación feminina desexables malia mostraren un crecemento contractual nos últimos anos.

ANEXO I

OCUPACIÓNS CON SUBREPRESENTACIÓN FEMININA NA CONTRATACIÓN SEGUNDO A CLASIFICACIÓN SISPE. GALICIA 2010

1125	DIRECCIÓN DE DEPARTAMENTO DE OPERACIÓN EN EMPRESAS DE HOSTALARÍA
1125.001.4	DIRECTOR DE DEPARTAMENTO DE OPERACIÓN EN EMPRESA DE HOSTALARÍA EU/OU RESTAURACIÓN, DE 10 OU MÁIS ASALARIADOS
1125.003.2	DIRECTOR DE HOTEL, DE 10 OU MÁIS ASALARIADOS
1125.004.1	DIRECTOR DE RESTAURANTE, DE 10 OU MÁIS ASALARIADOS
1135	DIRECCIÓN DE DEPARTAMENTOS DE ABASTECIMENTO E DISTRIBUCIÓN
1135.001.3	DIRECTOR DE DEPARTAMENTO DE ABASTECIMENTO, DISTRIBUCIÓN EU/OU LOXÍSTICA, EN XERAL
1220	XERENCIA DE EMPRESAS DE COMERCIO POLO MIÚDO CON MENOS DE 10 ASALARIADOS
1220.001.2	XERENTE DE EMPRESA DE COMERCIO POLO MIÚDO CON MENOS DE 10 ASALARIADOS
1220.002.1	XERENTE DE TALLER DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS, CON MENOS DE 10 ASALARIADOS
2031	ANALISTAS DE SISTEMAS E ASIMILADOS
2031.001.3	ANALISTA DE SISTEMAS, NIVEL SUPERIOR
2031.002.4	ANALISTA DE APLICACIÓN, NIVEL SUPERIOR
2031.003.5	DESEÑADOR DE REDE
2031.004.6	ADMINISTRADOR DE SISTEMAS DE REDES
2039	OUTROS PROFESIONAIS DE NIVEL SUPERIOR DE INFORMÁTICA
2039.001.1	ENXEÑEIRO INFORMÁTICO
2039.002.0	AUDITOR-ASESOR INFORMÁTICO
2039.003.9	TÉCNICO SUPERIOR DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS
2039.004.8	COMUNICADOR TELEMÁTICO
2513	COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES
2631	ANALISTAS DE APLICACIÓN E PROGRAMADORES INFORMÁTICOS DE NIVEL MEDIO
2631.001.5	ANALISTA DE APLICACIÓN, NIVEL MEDIO
2631.002.4	ANALISTA DE SISTEMAS, NIVEL MEDIO
2631.003.3	ANALISTA-PROGRAMADOR, NIVEL MEDIO
3049	OUTROS OPERADORES DE EQUIPOS ÓPTICOS E ELECTRÓNICOS
3049.001.9	OUTROS OPERADORES DE EQUIPOS ÓPTICOS E ELECTRÓNICOS
3315	TAXADORES E POXADORES
3315.001.9	TAXADOR, EN XERAL
3315.002.8	TAXADOR DE EFECTOS PERSOAIS E USO DOMÉSTICO
3315.003.7	TAXADOR DE EQUIPOS INDUSTRIAIS
3315.004.6	TAXADOR DE INMOBLES
3315.005.5	TAXADOR DE XOIAS E OBRAS DE ARTE
3315.006.4	TAXADOR DE VEHÍCULOS
3315.007.3	PERITO XUDICIAL CALÍGRAFO
3315.008.2	POXADOR
3543	MÚSICOS, CANTANTES E BAILARÍNS DE ESPECTÁCULOS EN CABARÉS E SIMILARES
5192	EMPREGADOS DE POMPAS FÚNEBRES E EMBALSAMADORES
5192.001.6	EMPREGADO DE SERVIZOS FUNERARIOS, EN XERAL
5192.003.8	DOMICILIARIO DE POMPAS FÚNEBRES
5192.004.9	OFICIAL DE INHUMACIÓN E EXHUMACIÓN
5192.005.0	EMBALSAMADOR
5192.006.1	INCINERADOR
5221	POLICÍAS NACIONAIS
5221.001.1	AXENTE DE POLICÍA NACIONAL
5291	BAÑISTA-SOCORRISTA
5291.001.6	BAÑISTA-SOCORRISTA
5299	OUTROS DIVERSOS TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE
5299.001.8	AXENTE FORESTAL
5299.002.7	GARDA DE COUTOS DE CAZA EU/OU PESCA
5299.004.5	GARDA DE REGA

5299.005.4	CELADOR GARDA-PEIRAO
5299.006.3	TÉCNICO DE PROTECCIÓN CIVIL
6122	TRABALLADORES CUALIFICADOS POR CONTA ALLEA EN ACTIVIDADES AVÍCOLAS
6122.001.0	ENCARGADO OU CAPATAZ DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA
6122.002.1	TRABALLADOR DA CRÍA DE AVES
6122.003.2	SEXADOR DE PITOS
6241	CORTADORES, TRONZADORES E OUTROS TRABALLADORES FORESTAIS
6241.001.2	ENCARGADO OU CAPATAZ FORESTAL
6241.002.3	TRABALLADOR FORESTAL, EN XERAL
6241.003.4	PODADOR EU/OU MOTOSERRISTA FORESTAL
6241.005.6	TRABALLADOR DA SOBREIRA, EN XERAL
7030	ENCARGADOS DE PINTORES, EMPAPELADORES E ASIMILADOS
7030.001.1	XEFE DE EQUIPO EU/OU ENCARGADO DE PINTORES E EMPAPELADORES
7140	OUTROS TRABALLADORES DAS OBRAS ESTRUTURAIS DE CONSTRUCCIÓN
7140.001.9	APUNTALADOR DE EDIFICIOS
7140.002.0	DEMOLEDOR DE EDIFICIOS
7140.003.1	COLOCADOR DE PREFABRICADOS LIXEIROS (CONSTRUCCIÓN)
7140.004.2	MONTADOR DE ESTADAS
7140.005.3	MONTADOR DE TOLDOS
7140.006.4	MONTADOR DE CERCADOS E VALOS METÁLICOS
7140.007.5	POCEIRO EN REDES DE SANEAMENTO
7140.008.6	TRABALLADOR DA CONSTRUCCIÓN A GRANDES ALTURAS
7291	TEITADORES
7291.001.8	TEITADOR EN ASFALTO, MATERIAL SINTÉTICO EU/OU SIMILARES
7291.002.9	TEITADOR EN CHAPAS E PLACAS
7291.003.0	TEITADOR EN LOUSA
7291.004.1	TELLADOR
7299	OUTROS TRABALLADORES DIVERSOS DE ACABADO DE CONSTRUCCIÓN
7299.001.6	MONTADOR DE PLACAS DE ENERXÍA SOLAR
7340	XEFES DE EQUIPOS DE MECÁNICOS E AXUSTADORES DE EQUIPOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS
7340.001.3	XEFE DE EQUIPO DE TALLER DE VEHÍCULOS DE MOTOR, EN XERAL
7340.004.6	XEFE DE EQUIPO DE TALLER DE MAQUINARIA PESADA E INDUSTRIAL AUTOPROPULSADA
7340.007.9	XEFE DE EQUIPO EN TALLER DE MAQUINARIA INDUSTRIAL, EN XERAL
7340.008.0	XEFE DE EQUIPO DE TALLER DE EQUIPOS ELÉCTRICOS
7340.009.1	XEFE DE EQUIPO DE TALLER DE MANTEMENTO MECÁNICO
7340.010.1	XEFE DE EQUIPO EN TALLER ELECTROMECAÁNICO
7340.011.0	XEFE DE EQUIPO DE TALLER DE MOTORES DE AVIÓN OU HELICÓPTERO
7515	MONTADORES E EMPALMADORES DE CABLES
7515.001.1	MONTADOR-INSTALADOR DE ASCENSORES
7515.002.0	MONTADOR-INSTALADOR DE APARATOS DE ELEVACIÓN, EXCEPTO CONSTRUCCIÓN
7515.003.9	MONTADOR-INSTALADOR DE APARATOS DE ELEVACIÓN (CONSTRUCCIÓN)
7515.004.8	MONTADOR-INSTALADOR DE CABLES, CORDAS EU/OU POLEAS
7941	CURTIDORES E PREPARADORES DE PELES
7941.001.8	CURTIDOR DE COIROS E PELES, Á MAN
7941.003.6	DESCARNADOR-DESVEADOR COIRO/PEL, Á MAN
7941.004.5	LAVADOR DE COIROS E PELES, Á MAN
7941.005.4	FENDEADOR DE COIROS E PELES, Á MAN
7941.006.3	ESTIRADOR DE COIROS E PELES, Á MAN
7941.007.2	CLASIFICADOR DE COIROS E PELES, Á MAN
7941.008.1	GOLDREIRO DE PELES, Á MAN
7941.009.0	ACABADOR DE CURTIDOS, Á MAN
7941.010.2	TINXIDOR DE COIROS E PELES, Á MAN
8020	ENCARGADOS EN INSTALACIÓN DE PROCESAMENTO DE METAIS
8020.001.1	ENCARGADO DE INSTALACIÓN DE PROCESAMENTO DE METAIS
8050	XEFES DE EQUIPO EN INSTALACIÓN DE TRATAMENTO QUÍMICO
8050.001.4	XEFE DE EQUIPO DE INSTALACIÓN DE TRATAMENTOS QUÍMICOS
8123	OPERADORES EN INSTALACIÓN DE TRATAMENTO TÉRMICO DE METAIS
8123.001.1	OPERADOR DE INSTALACIÓN PARA O TRATAMENTO TÉRMICO DE METAIS, EN XERAL

8123.006.4	OPERADOR DE PROCESOS DE FORXADO DE METAIS
8123.007.5	NORMALIZADOR DE METAIS
8153	OPERADORES DE EQUIPOS DE FILTRACIÓN E SEPARACIÓN DE SUBSTANCIAS QUÍMICAS
8153.001.2	OPERADOR DE EQUIPOS DE FILTRACIÓN E SEPARACIÓN DE SUBSTANCIAS QUÍMICAS, EN XERAL
8159	OUTROS OPERADORES DE INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO DE PRODUTOS QUÍMICOS
8159.001.6	OPERADOR DE INSTALACIÓNS PARA PRODUCIR CARBÓN VEXETAL EU/OU COQUE
8159.003.4	OPERADOR DE INSTALACIÓNS PARA PRODUCIR GAS DE HULLA
8159.004.3	OPERADOR DE INSTALACIÓNS PARA FABRICAR FERTILIZANTES QUÍMICOS
8159.005.2	OPERADOR DE INSTALACIÓNS PARA PRODUCIR FIBRAS SINTÉTICAS
8159.006.1	OPERADOR DE BRANQUEO DE PRODUTOS QUÍMICOS
8159.007.0	OPERADOR DE INSTALACIÓNS PARA A LICUEFACCIÓN DE GAS
8159.008.9	OPERADOR DE INSTALACIÓNS PARA O TRATAMENTO DO LÁTEX (CAUCHO)
8159.009.8	OPERADOR DE INSTALACIÓNS DE TRATAMENTOS QUÍMICOS POR CUBAS DE ELECTRÓLISE
8159.010.0	OPERADOR DE INSTALACIÓNS PARA O TRATAMENTO QUÍMICO DE MATERIAIS RADIOACTIVOS
8163	OPERADORES EN INSTALACIÓNS DE INCINERACIÓN, DE TRATAMENTO DE AUGAS E OUTROS OPERADORES EN PLANTAS SIMILARES
8163.001.3	OPERADOR INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS (EXCEPTO RADIOACTIVOS), EN XERAL
8163.003.5	OPERADOR DE PLANTA DE TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS
8163.004.6	OPERADOR DE MANTEMENTO EN PLANTAS DE INCINERACIÓN DE RESIDUOS
8163.005.7	OPERADOR DE PLANTA DE CAPTACIÓN DE AUGA, EN XERAL
8163.008.0	OPERADOR DE MANTEMENTO EN PLANTAS DE CAPTACIÓN DE AUGA
8163.009.1	OPERADOR DE PLANTA DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGA, EN XERAL
8163.011.0	OPERADOR DE PLANTA DE TRATAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS
8163.012.1	OPERADOR DE SISTEMAS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA
8163.013.2	OPERADOR DE GASODUTO
8163.014.3	OPERADOR DE SISTEMAS DE DISTRIBUCIÓN DE GAS
8163.015.4	OPERADOR DE PLANTA DE REFRIXERACIÓN
8163.016.5	OPERADOR DE PLANTA DE VENTILACIÓN E CALEFACCIÓN
8163.017.6	OPERADOR DE PLANTA DE AIRE ACONDICIONADO
8163.018.7	OPERADOR DE EQUIPOS COMPRESORES DE GAS
8163.019.8	OPERADOR DE EQUIPOS COMPRESORES DE AIRE
8163.020.4	OPERADOR DE EQUIPOS COMPRESORES DE FRÍO
8163.021.3	OPERADOR DE EQUIPOS EN ESTACIÓN DE BOMBEO (EXCEPTO PETRÓLEO E GAS NATURAL)
8240	ENCARGADO DE OPERADORES DE MÁQUINAS PARA FABRICAR PRODUTOS DE MADEIRA
8240.001.7	XEFE DE EQUIPO EN INSTALACIÓNS PARA FABRICAR PRODUTOS DE MADEIRA
8250	XEFES DE TALLER DE IMPRENTA, ENCADERNACIÓN E FABRICACIÓN DE PRODUTOS DE PAPEL
8250.001.8	ENCARGADO DE TALLER DE IMPRENTA
8250.002.9	ENCARGADO DE TALLER DE ENCADERNACIÓN
8250.003.0	ENCARGADO DE TALLER EU/OU DE QUENDA DE FABRICACIÓN DE PRODUTOS DE PAPEL E CARTÓN
8311	OPERADORES DE MÁQUINAS-FERRAMENTA
8311.001.2	OPERADOR DE MÁQUINAS-FERRAMENTA DE LABRAR METAIS, EN XERAL
8311.002.1	OPERADOR TORNEIRO-FRESADOR (FABRICACIÓN)
8311.003.0	OPERADOR DE TORNO UNIVERSAL, AUTOMÁTICO EU/OU REVÓLVER
8311.006.3	OPERADOR DE TORNO CON CONTROL NUMÉRICO (METAIS)
8311.007.4	OPERADOR DE MÁQUINA CORTADORA DE METAIS
8311.009.6	OPERADOR DE MÁQUINA ENTALLADORA DE EMBUTIR METAIS
8311.011.5	OPERADOR DE MÁQUINA CURVADORA DE METAIS
8311.012.4	OPERADOR DE MÁQUINA FRESADORA (METAIS)
8311.013.3	OPERADOR DE MÁQUINA FRESADORA CON CONTROL NUMÉRICO (METAIS)
8311.014.2	OPERADOR DE MÁQUINA CEPILLADORA-LIMADORA (METAIS)
8311.015.1	OPERADOR DE MÁQUINA MANDRINADORA (METAIS)
8311.016.0	OPERADOR DE MÁQUINA TRADEADORA (METAIS)
8311.018.2	OPERADOR DE MÁQUINA MOLDEADORA (METAIS)
8311.020.9	OPERADOR DE MÁQUINA RECTIFICADORA (METAIS)
8311.021.8	OPERADOR DE MÁQUINA OXICORTADORA (METAIS)
8311.022.7	OPERADOR DE PRENSA MECÁNICA DE METAIS
8311.023.6	OPERADOR DE MÁQUINA ESTAMPADORA (METAIS)
8311.025.4	OPERADOR DE MÁQUINA DE ACUÑAR MOEDAS
8311.026.3	OPERADOR DE MÁQUINAS PARA A ELABORACIÓN DE XOIARÍA EU/OU BIXUTARÍA INDUSTRIAL

8311.028.1	ALISTADOR/ACABADOR EU/OU VERIFICADOR DE XOIARÍA E BIXUTARÍA INDUSTRIAL
8311.034.8	OPERADOR DE FABRICACIÓN DE CREMALLEIRAS EU/OU REMACHES
8311.040.5	OPERADOR DE MÁQUINAS PARA FABRICAR OBXECTOS DE ESCRITORIO
8311.041.4	OPERADOR DE MÁQUINAS PARA FABRICAR XOGUETES METÁLICOS
8311.042.3	OPERADOR DE MANTEMENTO DE MÁQUINAS-FERRAMENTA PARA TRABALLAR METAIS, EN XERAL
8377	OPERADORES DE MÁQUINAS PARA ELABORAR TÉ, CAFÉ E CACAO
8377.001.4	OPERADOR DE MÁQUINAS PARA ELABORAR TÉ E OUTRAS INFUSIÓNS
8377.003.2	OPERADOR DE MÁQUINAS PARA ELABORAR CAFÉ EU/OU SUCEDÁNEOS
8377.007.8	OPERADOR DE MÁQUINAS PARA ELABORAR CACAO
8377.010.8	OPERADOR DE MÁQUINAS ENVASADORAS DE CAFÉ, TÉ, CACAO E SIMILARES
8413	MONTADORES DE EQUIPOS ELECTRÓNICOS
8413.001.1	MONTADOR DE APARATOS ELECTRÓNICOS, EN XERAL
8413.002.0	MONTADOR DE EQUIPOS MICROELECTRÓNICOS, EN XERAL
8413.005.7	MONTADOR ELECTRÓNICO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS
8413.006.6	MONTADOR DE DISPOSITIVOS E CADROS ELECTRÓNICOS
8413.007.5	MONTADOR DE CADROS ELECTROPNEUMÁTICOS
8414	ENSAMBLADORES DE PRODUTOS METÁLICOS, DE CAUCHO E DE PLÁSTICO
8414.001.4	ENSAMBLADOR DE PRODUTOS METÁLICOS, EN XERAL
8414.003.2	ENSAMBLADOR DE PRODUTOS METÁLICOS, DE CAUCHO OU PLÁSTICO EN CADEA DE MONTAXE
8414.007.8	MONTADOR EN LIÑAS DE ENSAMBLAXE DE AUTOMOCIÓN
8414.008.7	MONTADOR DE MATERIAL RODADO FERROVIARIO
8490	OUTROS MONTADORES E ENSAMBLADORES
8490.001.6	OPERADOR DE MÁQUINA EMBALADORA DE PRODUTOS PERECEDOIROS PREVIAMENTE ENVASADOS
8490.002.7	OPERADOR DE MÁQUINA EMBALADORA DE PRODUTOS NON PERECEDOIROS
8490.003.8	OPERADOR DE MÁQUINA DE ETIQUETAR, EN XERAL
8490.004.9	OPERADOR DE PRENSA DE ENFARDAR
8490.007.2	ENVASADOR COMPLETO DE CALZADO (ENVASADO DE CALZADO)
8512	AXENTES DE MANOBRAS FERROVIARIAS
8512.001.1	XEFE DE TREN DE MERCADORÍAS
8512.002.0	AXENTE DE MANOBRAS FERROVIARIAS, EN XERAL
8530	OPERADORES DE MAQUINARIA AGRÍCOLA MÓBIL
8530.001.3	CONDUTOR-OPERADOR DE MAQUINARIA AGRÍCOLA CON MOTOR, EN XERAL
8530.002.2	MANIPULADOR DE COLLEITADORAS, EN XERAL
8530.007.3	TRACTORISTA-MANIPULADOR AGRÍCOLA
8550	MARIÑEIRO DE CUBERTA DE BARCO E ASIMILADOS
8550.001.1	CONTRAMESTRE DE CUBERTA (EXCEPTO PESCA)
8550.002.0	MARIÑEIRO DE CUBERTA (EXCEPTO PESCA)
8550.004.2	MOZO DE CUBERTA
8550.005.3	BOMBEIRO DE BUQUES ESPECIALIZADOS
9330	MOZOS DE EQUIPAXE E ASIMILADOS
9330.001.4	MOZO DE EQUIPAXES
9351	RECOLLEDORES DE LIXO
9351.001.3	MOZO DE RECOLLIDA DE LIXO-VARREDOR
9410	PEÓNS AGRÍCOLAS
9410.001.1	PEÓN AGRÍCOLA, EN XERAL
9410.006.4	PEÓN AGRÍCOLA, XARDINARÍA
9420	PEÓNS GANDEIROS
9420.001.0	PEÓN GANDEIRO, EN XERAL
9420.004.3	MOZO DE CORTES
9440	PEÓNS FORESTAIS
9440.001.2	PEÓN FORESTAL
9450	PEÓNS DA PESCA
9450.002.4	PEÓN DE ACUICULTURA
9450.003.5	RECOLECTOR DE CRUSTÁCEOS E MOLUSCOS
9450.007.9	PEÓN DA CAZA



XUNTA
DE GALICIA